

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A OPC GALICIA PARA A IMPLEMENTACIÓN DA MEDIDA DE IMPULSO DO TURISMO MICE INCLUÍDA NO PLAN DE REACTIVACIÓN DOS SECTORES CULTURAL E TURÍSTICO FRONTE AOS EFECTOS DERIVADOS DA COVID-19

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou con OPC Galicia_ Asociación de Organizadores Profesionales de Congresos de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e OPC Galicia para o desenvolvemento das medidas incluídas no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, aprobado polo Consello da Xunta o pasado 30 de abril de 2020, relativas ao impulso do turismo MICE.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- Que OPC Galicia, a Asociación Galega de Empresas de Organización Profesional de Congresos, é unha organización sen ánimo de lucro que, dende o seu nacemento no 1994 é de acordo cos seus estatutos, vela pola mellora da calidade e máis na posta en valor dos servizos que no eido da organización profesional de congresos se desenvolven en Galicia.

Na procura dese obxectivo organiza actividades que afondan na mellora da cualificación do sector e máis na divulgación de Galicia como destino para a organización de congresos.

Terceiro.- Que a crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo, condicionado polas medidas de restrición de mobilidade e concentración de persoas.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido turístico, por mor das medidas de contención do COVID-19, mudaron profundamente.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020, o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

O Plan recolle como medida principal da acción da Axencia Turismo de Galicia neste ano 2020 o programa Galicia, destino Seguro, establecendo a implementación dunha serie de medidas que convertan e difundan a idea de Galicia como un territorio seguro e incentiven a visita segura a Galicia.

Na medida 13, como acción de promoción e de reactivación da demanda, inclúese o impulso do turismo MICE (reunións, incentivos, congresos e feiras), a través dun acordo de colaboración para a promoción do sector MICE.

Por este motivo resulta de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio a través da realización das seguintes accións:

1. Reactivación do portal GALICIA MICE e promoción on-line da marca



2. Promoción do destino MICE, a través da gravación dos recursos para a edición de varios vídeos técnicos para presentación de espazos e servizos MICE e a realización de 2 spots específicos de Galicia MICE: “Galicia es tu refugio” e “Galicia profesional”.
3. Plató online Galicia MICE: ferramenta alternativa que permita a realización de congresos e eventos virtuais, un centro de reunións que, a modo de plató, poida ser usado polo conxunto do sector MICE de Galicia.
4. Fondo de contratación de espazos e sedes: pretende servir de apoio económico á organización de calquera evento MICE en Galicia.

Que a través deste convenio se outorga a OPC Galicia unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, se estima xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

